



DILUVIO: así é o terceiro disco de Tanxugueiras

O álbum inclúe dez temas nos que as pandeireteiras cuestionan crenzas e presuntas culpas para reformulalas como aprendizaxes vitais transformadoras

O disco, que estará dispoñible en tendas e plataformas dixitais a partir do 29 de xullo, xa se pode reservar a través da páxina web oficial www.tanxugueiras.gal



1 de xullo de 2022.- O terceiro disco de Tanxugueiras xa ten título: '**DILUVIO**'. As pandeireteiras desvelan nesta xornada o **nome, portada e títulos das cancións** do novo álbum, que estará dispoñible nas plataformas dixitais e tendas físicas a partir do vindeiro 29 de xullo, e que xa se pode reservar a través do espazo web oficial www.tanxugueiras.gal.

Este terceiro traballo discográfico de Tanxugueiras, editado por Calaverita Records, referenda a liña musical de Sabela Maneiro, Aida Tarrío e Olaia Maneiro, na que apostan pola reinterpretación da tradición galega a través da súa fusión con ritmos urbanos, próximos ao trap ou a electrónica.



Neste sentido, 'DILUVIO', cuxa foto de portada é obra de Neelam Khan Vela, nace como unha **viaxe de revisión e cuestionamento de crenzas ou presuntas culpas instaladas na sociedade.**

Se con 'Contrapunto' as cantareiras propoñían un particular xogo de espello entre o lado bo e malo da vida, co novo álbum pretenden provocar un **auténtico 'DILUVIO' sobre o establecido:** é un camiño que as pandeireteiras percorren a través de verbos como ver, escoitar, equivocar, lembrar ou apoderar. Apoiadas sobre estes, **as músicas apostan por reformular esas crenzas ou máximas e convertelas nunha serie de aprendizaxes transformadoras para a vida.**

'DILUVIO' inclúe dez temas –e outros dous instrumentais de apertura e peche do disco–, dos que o público xa coñece éxitos como 'Midas', 'Figa' 'Averno' ou 'Terra', ademais dos sinxelos recentemente publicados: 'Seghadoras', 'Desidia' e 'Pano Corado'. Precisamente estes tres últimos temas dan boa conta da conceptualización do disco e reverte os discursos de odio e a opresión coa dignidade das 'Seghadoras', defende o dereito ao autocoidado con 'Desidia', ou chama pola defensa do amor libre en 'Pano Corado'. **O venres 29 de xullo, día do lanzamento do álbum, daranse a coñecer os cinco novos temas que pechan o DILUVIO:** 'Treboada', 'Arica', 'Sorora', 'Fame de Odio' e 'Acougo'.

CONTACTO DE PRENSA TANXUGUEIRAS

Lucía Pita - 675 404 321

prensa@tanxugueiras.com

AXENCIA MANAGEMENT TANXUGUEIRAS

PlayPlan Cultural - contratacion@playplan.es

[Acceso ao kit de prensa de Tanxugueiras - Xira Midas](#)